

## ORDE DO 27 DE MAIO DE 1993, POLA QUE SE REGULA O SELADO DE PREZOS EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS

DOG nº 116, do 21 de xuño

Co fin de axiliza-la tramitación administrativa do selado de prezos dos aloxamentos hoteleiros e restaurantes, cafeterías e bares, considerouse conveniente facultar ás asociacións empresariais do sector turístico, para colaborar coa Administración turística no referido selado.

Esta medida supón unha diminución do intervencionismo administrativo, o que redundará nun maior beneficio para os administrados, os cales poderán sela-las súas cartas ou listas de prezos nos servicios provinciais de turismo ou nas asociacións empresariais debidamente autorizadas para este fin.

Por iso, no uso das atribucións que teño conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1.

O réxime de prezos e a súa publicidade nos aloxamentos hoteleiros e restaurantes, cafeterías e bares, regulado polas ordes ministeriais do 17 de marzo de 1965<sup>1</sup>, 18 de marzo de 1965<sup>2</sup>, 19 de xuño de 1970<sup>3</sup>, 29 de xuño de 1978<sup>4</sup> e 15 de setembro de 1978<sup>5</sup>, rexeráse pola citada normativa e polas prescricións establecidas na presente orde.

#### Artigo 2.

A Administración turística poderá autorizar a aqueles asociacións empresariais do sector turístico con ámbito de actuación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia ou nalgunha das súas provincias, para efectua-lo selado das listas ou cartas de prezos dos aloxamentos hoteleiros e dos restaurantes, cafeterías e bares.<sup>6</sup> Así mesmo, poderá autorizar a aquelas outras asociacións de ámbito inferior, unha vez ponderado, no seu conxunto, o número de asociados, a súa extensión territorial ou outras circunstancias concorrentes.

#### Artigo 3.

1. As autorizacións outorgadas pola Secretaría Xeneral para o Turismo<sup>7</sup> ás asociacións empresariais do sector turístico enténdense referidas unicamente ó selado de prezos daquelas empresas que, pertencendo a cada asociación concreta, estean inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas<sup>8</sup> da Secretaría Xeral para o Turismo<sup>9</sup>.
2. As asociacións empresariais do sector turístico autorizadas non poderán selar listas ou cartas de prezos a establecementos non asociados a cada unha delas ou que non fosen legalizados perante a Administración turística, tanto no referente á súa apertura e clasificación como ás modificacións de categoría, titularidade ou situación.

<sup>1</sup> Aproba a Ordenación turística de restaurantes (BOE. nº 75 de 29.03.65)

<sup>2</sup> Aproba a Ordenación turística de cafeterías (BOE. nº 75 de 29.03.65)

<sup>3</sup> Regula prezos e establece o “Menú do día” e o “Prato combinado do día” (BOE. nº 149 de 23.06.70). De acordo co artigo 4 da Orde: “1. Quedan incluídos no apartado b) do artigo 3º da Ordenación turística de restaurantes tódolos establecementos que, coa denominación de “bares”, “clubes”, “casinos”, “salas de festa”, “salas de baile” e similares serven ó público bebidas para seren consumidas no mesmo local. 2. Ditos establecementos, así como os que xa están comprendidos no precepto legal mencionado, e ata que non se dicte a súa específica ordenación, estarán suxeitos unicamente ó disposto nos artigos 4º, apartados c), d), f), g) e h); 9º; 10, números 1, 2, 3 e 6; 12; 30, número 1; 31 e 32 da Ordenación turística de restaurantes de 17 de marzo de 1965”

<sup>4</sup> Sobre modificación de menús e cartas en restaurantes e cafeterías (BOE. nº 171 de 19.07.78)

<sup>5</sup> Sobre réxime de prezos e reservas nos aloxamentos turísticos (BOE, nº 225 de 20 .09.78).

<sup>6</sup> Ver artigo 26 da Lei 9/1997, do 21 de agosto (I.2) e a Orde do 29.09.94 (III.2), polo que respecta ó prezo dos aloxamentos turísticos.

<sup>7</sup> Actualmente, a Dirección Xeral de Turismo. Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro (IV.1).

<sup>8</sup> O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (R.E.A.T.) creouse por Decreto 82/1987, do 26 de marzo (III.3).

<sup>9</sup> Ver nota 7.

#### Artigo 4.

Os titulares das empresas turísticas que desexen efectuar o selado dos prezos na súa correspondente asociación empresarial deberán acreditar a súa legalización, mediante a presentación da autorización de apertura outorgada pola Administración turística, debendo exhibirse igualmente o seu DNI ou CIF. No caso dos bares bastará coa presentación do Libro de Visitas da Inspección turística, así como o DNI ou CIF do titular.

#### Artigo 5.

As asociacións empresariais autorizadas remitirán semanalmente una copia de todas aquelas cartas y listas de prezos, que atopan selados durante o dito período, dos restaurantes, cafeterías e bares, ó Servicio Provincial de Turismo<sup>10</sup> correspondente, acompañadas dunha relación das mesmas, con indicación da súa sinatura, titularidade, denominación e localidade.

#### Artigo 6.

1. No suposto dos aloxamentos hoteleiros, as asociacións empresariais autorizadas organizarán anualmente para seus asociados a declaración de prezos correspondentes ó dito período, procedendo da forma seguinte:

- a) As follas descritivas das características do establecemento e dos diferentes tipos de habitación, denominadas «prezos vixentes», deberán ser presentadas polos seus titulares ben directamente ante o Servicio Provincial de Turismo<sup>11</sup> ou ante as asociacións empresariais autorizadas.

De facelo a través das asociacións, estas deberán comprobar que os datos contidos nas ditas follas cadrán totalmente cos das follas oficiais, das cales lles serán facilitadas as copias polos servicios provinciais de Turismo. Se existise calquera discrepancia entre elas, abstense de selalas e deberán remitilas ó correspondente Servicio Provincial de Turismo<sup>12</sup> no prazo de 48 horas.

Comprobada a exactitude de ámbalas dúas follas, as asociacións procederán ó seu selado, debendo remitir semanalmente ó Servicio Provincial de Turismo<sup>13</sup> copias das seladas no dito período.

- b) O contido das devanditas follas, debidamente seladas, constituirá a base para o posterior selado de carteis de prezos de recepción e habitacións de cada establecemento pola asociación.

As asociacións empresariais autorizadas do sector turístico, selarán ós establecementos asociados o cartel de recepción e un cartel de habitacións para cada un dos tipos delas.

2. As asociacións empresariais do sector turístico autorizadas quedan facultadas para a elaboración das follas e carteis de prezos dos aloxamentos hoteleiros, os cales deberán axustarse integramente ó modelo oficial.

#### Artigo 7.

Os aloxamentos hoteleiros que realicen a tramitación directamente perante o Servicio Provincial de Turismo<sup>14</sup> presentarán as follas de «prezos vixentes» por triplicado, así como o cartel de recepción e o de cada un dos tipos de habitacións, os cales serán selados unha vez constatada a súa concordancia cos datos da autorización concedida. No caso de que sufrisen modificacións deberán previamente ó seu selado, legalizalas reformas efectuadas.

#### Artigo 8.

1. Con carácter xeral o cartel, modelo oficial, que obrigatoriamente debe figurar en cada una das habitacións<sup>15</sup>, poderá ir sen selo ou consistir nunha fotocopia do exemplar selado para o correspondente tipo de habitación, e no cal figurará o número de habitación a que corresponda.
2. A folla descritiva das habitacións denominada «prezos vixentes» debidamente selada estará en todo intre a disposición de calquera cliente que desexe comproba-la concordancia dos datos que figuran no cartel da súa habitación ou da recepción cos oficialmente declarados e selados.

<sup>10</sup> Actualmente Servicios de Turismo das Delegacións Provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Decreto 8/1998, de 8 de enero (IV.1).

<sup>11</sup> Ver nota 10.

<sup>12</sup> Ver nota 10.

<sup>13</sup> Ver nota 10.

<sup>14</sup> Ver nota 10.

<sup>15</sup> A obriga de exposición do cartel de prezos en cada unha das habitacións desaparece na Orde do 29.09.94 (III.2).

## **Artigo 9.**

As asociacións empresariais do sector turístico deberán cumprir as instrucións que para a execución do sistema establecido reciban tanto dos Servicios Provinciais de Turismo<sup>16</sup> como da propia Secretaría Xeral para o Turismo<sup>17</sup>. O incumprimento delas así como do establecido na presente orde dará lugar á revogación da autorización concedida.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

O procedemento previsto no artigo 6.º aplicarase ós prezos relativos ó ano 1993, salvo que na autorización correspondente se dispuxese outra cosa.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

**1.ª** Facúltase ó secretario xeral para o Turismo para dictar as resolucións oportunas, na aplicación e desenvolvemento desta disposición.

**2ª** A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

---

<sup>16</sup> Ver nota 10.

<sup>17</sup> Ver nota 7.